

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 17.10.2019 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Designación da Ponencia encargada da elaboración do Informe sobre o Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e en situación de risco sanitario (doc. núm. 52558, 10/PL-000017)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 507, do 18.07.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 52004 (10/PNC-004157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a actualización e o desenvolvemento normativo da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 498, do 04.07.2019

2.2 52392 (10/PNC-004179)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito á vivenda, así como para crear un parque público de alugamento social e un imposto autonómico de vivenda baleira

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 508, do 19.07.2019

2.3 53713 (10/PNC-004280)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para paralizar as obras de construción dos parques eólicos de Serra das Penas e de Paradela e impedir a súa instalación

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019

2.4 55693 (10/PNC-004429)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa peaxe da A-9 en Redondela, así como as obras compensatorias acordadas entre o Ministerio de Fomento e o Concello

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019



- 2.5 56163 (10/PNC-004460)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas queixas da veciñanza do concello de Laracha referidas ao exceso de velocidade que se está a rexistrar entre os puntos quilométricos 22 e 23 da estrada AC-552, no tramo comprendido entre A Telleira e O Cancelo do Medio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019
- 2.6 56330 (10/PNC-004476)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso de aceites industriais para procesos de combustión na planta de Ence, en Lourizán
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019
- 2.7 56403 (10/PNC-004479)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario respecto da construción dunha represa no río Umia, na parroquia de Cabanelas, no concello de Ribadumia, para a captación de auga para a illa da Toxa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

Jaime
Castiñeira
Broz

Firmado digitalmente por
Jaime Castiñeira Broz
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Jaime Castiñeira Broz,
email=jaime.castineira.broz@p
arlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.10.09 16:58:43
+02'00'



Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 09/10/2019 16:58:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 09/10/2019 17:37:44
Nº Rexistro: 17361
Data envío: 09/10/2019 17:37:44.335

CSV: REXISTROde9EEHsI7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidente	
Jacobo Moreira Ferro	P
Secretario	
Antón Sánchez García	GCE

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Martín Fernández Prado	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	M
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Designación da Ponencia encargada da elaboración do Informe sobre o Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e en situación de risco sanitario (doc. núm. 52558, 10/PL-000017)

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 17.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 52558(10/PL-000017)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos
episodios de seca e nas situacións de risco sanitario



Publicación da iniciativa, 507, 18.07.2019



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situación de risco sanitario**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de xullo de 2019.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por GARCÍA SEGOVIANO ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 12/07/2019 12:12:49

Verificación: <https://sede.xunta.gal/ve>



Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Xacobeo 2021

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 17.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 17.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 52004(10/PNC-004157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a actualización e o desenvolvemento normativo da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia

Publicación da iniciativa, 498, 04.07.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52004
Data envío: 27/06/2019 16:14:31.750

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

No ano 2003, Galicia era a segunda Comunidade en España en ditar unha lei que estendese o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia, a Lei 10/2003, do 26 de decembro. Pasados case 16 anos, esta lei precisa reformas:

1. O obxecto que esta lei describe (recoñecer e garantir, dentro da Comunidade, a toda persoa, que como consecuencia da súa discapacidade teña que ir acompañada dun can de asistencia, o seu dereito a acceder, deambular e permanecer con ese can en calquera lugar, público ou privado) está xa obsoleto. Así, na recente lei da Comunidade de Castela e León, o dereito de acceso garántese tamén para outras persoas que precisen da utilización dun can de asistencia para promover a súa autonomía persoal e amplíase o dereito de acceso a outros ámbitos, singularmente o laboral e os espazos privados de uso colectivo.

2. Contémplanse dous tipos de cans de asistencia, o can guía e o can de servizo para persoas con discapacidade física, incluíndo unha habilitación para que por vía regulamentaria se puidesen establecer as condicións e requisitos para o recoñecemento e suspensión desta condición ao animal e o deseño do distintivo oficial, así como para determinar a especialización dos adestradores e os requisitos que deberán cumprir os centros de adestramento para obter a homologación correspondente. Non obstante e malia que se daba un prazo dun ano dende a entrada en vigor, a lei non tivo desenvolvemento regulamentario, polo que non existe en Galicia procedemento de acreditación, rexistro nin identificación oficial dos cans de asistencia.

3. Non se regula a posible identificación do can en formación para a asistencia que, a instancia da entidade de adestramento, podería ter un distintivo de identificación oficial coa fin de posibilitar o exercicio do dereito de acceso ao entorno polas persoas adestradoras e educadoras de cachorros acompañados por estes cans durante o seu adestramento. Tampouco recoñece aos cans guía

CSM - REXISTRO XERAL DE TRAMITES
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52004
Data envío: 27/06/2019 16:14:31.750

acreditados como tales á entrada en vigor da lei, que deberían ser recoñecidos de oficio como unidades de vinculación dende aquela data.

4. A lei só prevé a promoción pola Xunta de Galicia de campañas informativas, divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia dirixidas á poboación en xeral, pero non di nada de promover ese tipo de campañas para os centros de ensino ou sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos.

5. Por último, non se ten en conta a existencia de cans procedentes de fóra de Galicia nin a figura de “cans de asistencia xubilados”, como fai a recente lei da Comunidade de Castela e León.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación á Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o Dereito de Acceso ao Entorno das Persoas con Discapacidade acompañadas de Cans de Asistencia, ao seguinte:

1. Proceder á reforma da dita lei antes do remate da presente lexislatura, coa fin de adaptala á sociedade actual.
2. Desenvolver regulamentariamente, antes de que remate o ano 2019, a dita lei, abrindo ao efecto un procedemento participativo de cara a ese desenvolvemento.
3. Promover o Goberno campañas informativas, divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia e dirixidas especialmente aos centros de ensino e a sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos.
4. Potenciar o Comité Consultivo para a Protección Animal, regulado na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia, como órgano de consulta e asesoramento con relación aos cans de asistencia.

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2019



Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52004
Data envío: 27/06/2019 16:14:31.750

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2019 16:06:48

Noela Blanco Rodríguez na data 27/06/2019 16:06:59

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2019 16:07:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/06/2019 16:07:22

María Luisa Pierres López na data 27/06/2019 16:07:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2019 16:07:45



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 17.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 52392(10/PNC-004179)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito á vivenda, así como para crear un parque público de alugamento social e un imposto autonómico de vivenda baleira

Publicación da iniciativa, 508, 19.07.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre as políticas de decrecemento da Xunta en materia de vivendas protexidas.

Exposición de motivos

A pésima situación de Galiza no ranking de creación de vivenda de promoción pública é outra das mostras da falla de compromiso da Xunta de Feijóo coas políticas públicas, que benefician sempre aos sectores sociais máis desfavorecidos e vulnerábeis, con menores ingresos e situacións económicas difíciles. A administración galega estase a caracterizar por favorecer a especulación no terreo da vivenda, o negocio de fondos voitre e o comercio cun ben que debería estar protexido e lonxe do seu tratamento como unha mercadoría. Pola contra, a última das súas metas é procurar unha vivenda digna aos galegos e ás galegas e á mocidade que quer emprender os seus proxectos de futuro.

A tónica da Xunta é aprofundar o camiño da desregulación e alimentar a cadea privatizadora en materia de vivenda até reducir ao ridículo a creación de vivenda protexida como sucedeu no ano 2018. Por non falar do parco avance na ampliación do parque de vivenda pública en alugueiro.

En anteriores iniciativas parlamentares, poñíamos de releve os datos do Instituto Nacional de Estatística do primeiro semestre de 2018, onde aparecía Galiza entre





os últimos postos en vivenda protexida, só adiantada por Canarias e Baleares. A estatística de transmisión de vivenda de protección no territorio galego arroxaba unha porcentaxe dun 4,78%, nada que ver coas porcentaxe doutras CC.AA como Asturias ou Castela León por poñer uns exemplos.

A porcentaxe tan baixa de transmisión de vivenda de protección obedece ás intencionadas políticas de desincentivación da Xunta do PP, cuxa aposta se sitúa ás claras no impulso da iniciativa privada e do negocio de grandes tenedores de vivendas en detrimento da aposta por un parque de vivendas sociais públicas. Forma parte do corpus ideolóxico de Feijóo que a vivenda sexa tratada como unha mercadoría coa que comerciar, como un produto de mercado en mans dos depredadores do momento e non como un ben protexido.

Xa o indicabamos en anteriores ocasións e para mostra un botón: no período 2015-2016 iniciáronse 5 vivendas o primeiro ano e 4 o segundo, o que supón o 0,30% e 0,19% cando a media do Estado se situaba nun 10,49% en un 10,48% neses anos.

Sen esquecer que en 2017 volveron incrementarse os desafuzamentos sen que existan alternativas sociais.

Se imos ao contexto global, cabe indicar que o Estado español en termos xerais non destaca pola creación de vivendas protexidas e está moi lonxe do que se fai en Europa. Dentro desa regresión, Galiza lévase a palma posto que está entre as peores.

A nivel estatal, en setembro de 2018 entregáronse 2.504 vivendas protexidas en venda e alugueiro. A final de 2018, calculábase que non pasarían das 3.500 vivendas. O sector público da vivenda no Estado español ten un papel testemuñal ao carón do sector privado. Se entramos aos datos polo miúdo e por territorios autonómicos, veremos que en Galiza no 2018 entregáronse 8 vivendas





protexidas, namentres no País Vasco foron 452 e en Catalunya 378. Un territorio máis pequeno como Asturias acadou a cifra de 26 vivendas.

En dez anos, de 2008 a 2018, destruíuse de forma devastadora o eido da vivenda protexida que en 2008 acadou no Estado español cifras de 63.292 inmóbeis. En todas as estatísticas, o ano 2018 está marcado como o máis demoledor en canto a vivenda protexida que caeu a mínimos históricos, e non digamos no territorio galego, con esa ridícula cifra de 8 vivendas. No ano 2017 construíronse en Galiza 12 vivendas protexidas para opción de compra. Como podemos concluír doadamente, non é materia de impulso por parte de Feijóo.

Se contraponemos esa cativa oferta coa altísima demanda existente no territorio galego, os datos fan palidecer a propaganda da Xunta. Hai centos de miles de persoas demandantes de vivenda protexida, en concreto, cífranse en máis de 13.385 as persoas inscritas no rexistro de demandantes de vivenda protexida, a meirande parte pide vivenda en alugueiro, especialmente nas capas máis mozas da sociedade dado que cos salarios tan baixos (unha media de 900 euros mensuais) non poden plantexarse unha compra. De toda a cifra de inscritos, só o 15% solicita a fórmula da adquisición. Con datos a mes de maio deste ano 2019, revelábase que máis de 4.000 mozas e mozos de Galiza están inscritos como demandantes de vivenda protexida tanto para alugar como para adquirir. O acceso a unha vivenda pública é a única vía que teñen moitos mozos e mozas menores de 35 anos dados os paupérrimos salarios que perciben.

Se houberese interese ou conciencia do ben común na Xunta, interiorizaríase que a vivenda protexida é un estabilizador do mercado, o seu medre funciona como un contrapeso aos altos prezos.

O parque de vivenda público para alugueiro está en 3.500 vivendas, todas elas ocupadas. Un número sometido a unha parálise desde hai anos dada a pasividade





da Xunta na ampliación de nova oferta de arrendamento. É a mesma cifra que publicitan unha e outra vez por máis que pase o tempo.

Expertos na materia indican que dados tan baixos de construción de vivenda protexida, caso de Galiza, alertan da posibilidade de que acabe por desaparecer por completo. Coa competencia de vivenda na man, a Xunta de Feijóo optou de xeito intencionado por facer deixación das súas funcións. No eido estatal, tampouco existen medidas de fomento da construción deste tipo de vivendas e sirva de exemplo o Plan de Vivenda 2018-2021. Cada vez son menores os orzamentos adicados á creación de vivenda pública.

Se imos ao terreo das axudas que se conceden ao albur do Plan de Vivenda para afrontar os custes dos elevados alugueiros, e que se rexen por límites de renda, e dirixidas preferentemente a menores de 35 anos, maiores de 65 e familias numerosas, hai que sinalar que están moi lonxe de cubrir a demanda existente. Contabilizáronse máis de 12.000 solicitantes pero a Xunta só orzamentou para conceder unhas 4.200 solicitudes. Por non mencionar o enorme retraso coa que se tramitan.

O Observatorio da Vivenda da Xunta acredita a alza dos prezos no alugueiro que supera a media de 400 euros e en cidades como Vigo esta preto de 500 euros.

Fica pois en evidencia nesta exposición de motivos a necesidade imperiosa de plasmar con feitos un compromiso explícito coa creación de vivenda protexida tanto para compra como para o alugueiro a fin de cubrir a alta demanda existente en Galiza, especialmente na mocidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52392
Data envío: 09/07/2019 14:24:43.973



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Mudar as súas políticas de vivenda para garantir o dereito á vivenda dos galegos e galegas.
- 2) Creación dun parque público de alugueiro social cunha dimensión suficiente para dar solución habitacional a galegos e galegas e para actuar como elemento regulador dos prezos do mercado.
- 3) Crear o imposto autonómico de vivenda baleira cando esta non cumpra coa súa función social, e para que impida a especulación coa vivenda baleira dos grandes posuidores.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/07/2019 14:23:22

CSX4_R1EX1STR0S\VzyvZlMP9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 17.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 53713(10/PNC-004280)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia
para paralizar as obras de construción dos parques eólicos de
Serra das Penas e de Paradela e impedir a súa instalación

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 2.^a

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Concello de Paradela estanse a construír dous parques eólicos, Serra das Penas e Paradela, con 21 e 6 aeroxeneradores respectivamente.

Unha vez máis o que é un único parque eólico cun único promotor, ENEL, tramítase de xeito fragmentado para dividir a potencia en 42 MW, Serra das Penas e 12 MW, Paradela, co fin de que sexa a Xunta de Galicia e non o Estado o que tramite o parque, ademais de non estudar os efectos sinérxicos acumulados a nivel paisaxístico e ambiental.

Como xa é norma no modelo eólico desenvolto pola Xunta de Galicia o proxecto ten pouca consideración cos impactos que terá a nivel ambiental, patrimonial e social.

Este proxecto presenta unha grande afección ao Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Paradela, pola grande afección paisaxística.

Pola ubicación dos aeroxeneradores afectará negativamente á vida das persoas pola proximidade de aeroxeneradores de máis de 140 metros ás casas.

Na zona atópanse dúas especies en situación vulnerable como son a Tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a Gatafornela (*Circus cyaneus*).





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:33:18
Nº Rexistro: 53713
Data envío: 12/08/2019 10:33:18.822



Por último reseñar que a Xunta de Galicia solicita que a Ribeira Sacra sexa declarada Patrimonio da Humanidade mentres autoriza proxectos que prexudican claramente a súa candidatura.

E coma é norma tamén a declaración de utilidade pública é unha burla ante o feito de que unha empresa multinacional italiana farase de ouro á conta do noso territorio e do noso vento deixando para a zona os impactos e migallas económicas.

Por todo isto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que tome as decisións pertinentes, de xeito urxente, para paralizar as obras de construción dos parques eólicos de Serra das Penas e de Paradela e para impedir a súa definitiva instalación conquerindo que a zona volte á situación anterior ao inicio das actividades construtivas do parque.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Julia Torregrosa Sañudo

Voceiro s. e deputadas do G.P. de En Marea.

CSX REGISTRO: PG6SHMH9
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:33:18
Nº Rexistro: 53713
Data envío: 12/08/2019 10:33:18.822



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 12/08/2019 10:29:01

Marcos Cal Ogando na data 12/08/2019 10:29:09

Julia Torregrosa Sañudo na data 12/08/2019 10:29:33

CSV, REGISTRO: PG6SHMH9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para paralizar as obras de construción dos parques eólicos de Serra das Penas e de Paradela e impedir a súa instalación **(10/PNC-004280) doc.53713**

Emenda de modificación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación aos parques eólicos de Serra das Penas e de Paradela proxectados pola entidade ENEL, na provincia de Lugo, a adoptar cantas medidas sexan necesarias para extremar a protección das vivendas que puidesen resultar afectadas como consecuencia da instalación dos ditos parques eólicos e de todos os elementos medioambientais e patrimoniais na zona, especialmente o Camiño de Santiago.”

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asdo. Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/09/2019 17:21:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2019 17:21:26



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 17.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 55693(10/PNC-004429)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación coa peaxe da A-9 en Redondela,
así como as obras compensatorias acordadas entre o Ministerio
de Fomento e o Concello

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2019 13:13:24
Nº Rexistro: 55693
Data envío: 13/09/2019 13:13:24.926

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos:

Distintas informacións aparecidas nos medios de comunicacións en datas recentes, apuntan que xa se está a traballar na elaboración dun estudo técnico que ten por obxecto analizar a viabilidade de ampliar a Ponte de Rande con dou carrís máis, que se engadirían aos 6 existentes na actualidade.

Nestas novas faise fincapé en que este estudo é froito dun acordo alcanzado no mes de xuño de 2018 entre Audasa, titular da concesión da autoestrada pública AP-9, e o Ministerio de Fomento.

É coñecida por todos a forte oposición da veciñanza a ampliación de dous carrís recentemente rematados e postos en servizo, polo importante impacto que supuxo para as poboacións de Chapela e Trasmañó, no Concello de Redondela.

Tralo abandono que os veciños sufriron das institucións públicas, Concello e Ministerio de Fomento, entón dirixidas polo Partido Socialista, que acordaron a ampliación sen contemplar unha soa medida compensatoria, foron os Gobernos do Partido Popular os que estableceron esas medidas encamiñadas a minorar o impacto da ampliación nestas poboacións.

A última desas medidas foi o compromiso do ministro de Fomento, Iñigo de la Serna, de eliminación da peaxe de Redondela. A moción de censura que sufriu o Goberno de Mariano Rajoy no mes de maio de 2018, impediu que tal medida se concretase, e a pesar de que o PSOE do candidato Pedro Sánchez se comprometeu no cumprimento desta medida, o PSOE do Presidente Pedro Sánchez, nada fixo por implementala.

Consecuentemente, a veciñanza de Redondela, unha vez máis, sofre a ameaza dun novo atropelo en materia de infraestruturas, namentres o Goberno de Estado incumpre

CSM-REXISTRO-027119FA6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2019 13:13:24
Nº Rexistro: 55693
Data envío: 13/09/2019 13:13:24.926**

reiteradamente os compromisos alcanzados co Concello de Redondela, e condiciona a eliminación da peaxe a unha nova ampliación da AP-9.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia propón a seguinte proposición para o seu debate:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España solicitando a eliminación inmediata da peaxe de Redondela, dando cumprimento ao acordo unánime tomado polo pleno do Parlamento de Galicia e ao compromiso asumido polo Goberno de Mariano Rajoy, así como a execución das obras compensatorias acordadas entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Redondela”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2019 13:08:30

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2019 13:08:50

Martín Fernández Prado na data 13/09/2019 13:09:10

Jaime Castiñeira Broz na data 13/09/2019 13:10:21

Diego Calvo Pouso na data 13/09/2019 13:10:59

Jacobo Moreira Ferro na data 13/09/2019 13:11:21

Antonio Mouriño Villar na data 13/09/2019 13:11:30

María Julia Rodríguez Barreira na data 13/09/2019 13:11:50

Gonzalo Trenor López na data 13/09/2019 13:12:01

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/09/2019 13:12:34



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 56163(10/PNC-004460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas queixas da veciñanza do concello de Laracha referidas ao exceso de velocidade que se está a rexistrar entre os puntos quilométricos 22 e 23 da estrada AC-552, no tramo comprendido entre A Telleira e O Cancelo do Medio

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A seguridade viaria, e nomeadamente a dos peóns, é un dos obxectivos estratéxicos do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020, que considera este colectivo dentro do que denomina usuarios vulnerables.

En concreto, formúlase como obxectivo reducir a siniestralidade viaria das persoas usuarias vulnerables, sendo responsable das medidas precisas para acadar este obxectivo a Axencia Galega de Infraestruturas.

Veciños e veciñas da Laracha quéixanse do exceso da velocidade nalgúns tramos do termo municipal, que afectan a distintas estradas. Pero un dos máis sinalados é o que se sitúa na estrada de titularidade autonómica AC-552, entre A Telleira – Cancelo do Medio (San Román, concello da Laracha), entre o punto quilométrico 22 e 23 da AC-552.

Hai unha sinal (ao final da Avenida de Finisterre) que indica o fin de prohibición de ir a unha velocidade superior a 70 km/h e, rematada esta limitación, existe un tramo de máis dun quilómetro de lonxitude desta estrada sen ningún tipo de restrición, tramo densamente poboado a ambos lados das estrada cunha configuración cuasi-urbana.

Ata chegar ao lugar onde se atopa o Lar de Pacheco e ao cruce coa urbanización existente, non hai outra limitación; hai unha sinal que limita a velocidade a 70 km/h e que a día de hoxe non é respectada por ninguén, incluso se duplica a velocidade nos fines de semana.

Non debemos esquecer que o feito de cruzar a estrada é algo habitual e mesmo necesario para a veciñanza destes lugares e que hai persoas que presentan problemas de mobilidade o que incrementa o tempo necesario para realizar ese cruzamento.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2019 18:15:48
Nº Rexistro: 56163
Data envío: 20/09/2019 18:15:48.522

Por outro lado, o Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viario, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo establece no seu artigo 139 que corresponde ao titular da vía a responsabilidade do seu mantemento nas mellores condicións posibles de seguridade para a circulación e a instalación e conservación nela dos adecuados sinais e marcas viarias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Establecer unha limitación de velocidade entre o punto quilométrico 22 e 23 da estrada autonómica AC-552 que garanta a seguridade dos peóns.
2. Instalar elementos que fagan necesaria a redución de velocidade no tramo sinalado no punto anterior conforme ás limitacións que se establezan.

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2019

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2019 17:15:27

María Luisa Pierres López na data 20/09/2019 17:15:38

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2019 18:15:48
Nº Registro: 56163
Data envío: 20/09/2019 18:15:48.522

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/09/2019 17:15:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/09/2019 17:16:00

CSX: REGISTRO_GX1M6Z1aZ5
Verificación:
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 17.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.6 56330(10/PNC-004476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación co uso de aceites industriais para procesos de
combustión na planta de Ence, en Lourizán

Publicación da iniciativa, 540, 02.10.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 56330
Data envío: 24/09/2019 19:39:26.466

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, relativa á queima de aceites industriais na planta de ENCE en Lourizán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) denunciou publicamente no mes de xullo o uso de 18.000 toneladas de aceites industriais para procesos de combustión na planta de ENCE en Lourizán.

De confirmarse esta denuncia, estaríamos diante dun feito moi grave posto que, ademais da normativa estatal e europea que prohibe a queima destes aceites sen tratar por producir partículas tóxicas moi prexudiciais para o medio e a saúde humana, a queima destes aceites está expresamente prohibida na AAI concedida a ENCE, que só permite a utilización como combustible de biomasa.

Cómpre ter en conta que na resposta enviada ao medios o pasado xoves 18 de xullo, ENCE veu a recoñecer o uso de aceites industriais procesados, polo que estaría a incumplir a AAI. E con respecto ao cumprimento da normativa que regula o uso destes aceites, hai que ter en conta a aprobación en 2018 dunha norma estatal sobre aceites usados procesados que é moi restritiva, se ben establece unha moratoria para o seu cumprimento de 24 meses que remata en febreiro de 2020.

CSM-REXISTROFw.TDL4VMD6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 56330
Data envío: 24/09/2019 19:39:26.466

Diante destes feitos, o Grupo Parlamentar do BNG considera necesario abrir unha investigación por parte da Xunta de Galiza e que se extreme o control sobre as emisións contaminantes da fábrica de Lourizán, polo grave risco que suporían para a saúde humana as partículas tóxicas producidas pola combustión de aceites industriais.

A este respecto, o BNG manifesta a súa preocupación polos datos proporcionados o pasado xoves por ENCE a respecto dos puntos de control das súas emisións aéreas, nos que cita a estación de medición da Xunta en Campolongo que segundo Meteogalicia está ubicada nesa zona porque ten como finalidade medir a contaminación producida polo tráfico e pola actividade doméstica e residencial, e non a contaminación industrial.

Ademais ENCE fai referencia a dúas cabinas de medición propias, unha delas situada no Areeiro e outra en Campelo. Máis alá de cuestionar o emprazamento e o tipo de medición que se fai nestas estacións, a realidade é que a propia Xunta de Galicia na última revisión da AAI xa fixo constar que “a estación de Campelo deberá trasladarse por non ser representativa da influencia da actividade da instalación con respecto á saúde da poboación”. O órgano competente da Xunta deu un prazo de tres meses, rematado en decembro de 2018, para facer efectivo este traslado.

En definitiva, estamos diante dunha nova burla e dun comportamento irresponsábel da empresa ENCE, que conta co consentimento e a complicidade da Xunta de Galiza. Por este motivo, o BNG esixe a máxima transparencia no control das emisións contaminantes da fábrica e que a Xunta de Galiza exerza as súas funcións de control e vixilancia coa finalidade de garantir a calidade do ar e a saúde da poboación.

CSX: REXISTRO-FROF-WTDL4MID6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2019 09:30:00
Nº Registro: 56330
Data envío: 24/09/2019 19:39:26.466

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Abrir unha investigación sobre o uso de aceites industriais para procesos de combustión na planta de ENCE en Lourizán e o posíbel incumprimento da Autorización Ambiental Integrada.
2. Establecer medidas de control das emisións contaminantes da fábrica de Lourizán, polo grave risco que suporían para a saúde humana as partículas tóxicas producidas pola combustión do aceites industriais.
3. Velar polo cumprimento das esixencias recollidas na Autorización Ambiental Integrada a respecto das estacións de medición das emisións aéreas da fábrica de Lourizán.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

CSV: REXISTROF-WTDLAVMD6
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2019 09:30:00
Nº Registro: 56330
Data envío: 24/09/2019 19:39:26.466

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2019 19:38:32

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2019 19:38:37

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2019 19:38:44

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2019 19:38:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/09/2019 19:38:59

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2019 19:39:06

CSX: REXISTROF:WTDLWMD6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 17.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.7 56403(10/PNC-004479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do acordo
parlamentario respecto da construción dunha represa no río
Umia, na parroquia de Cabanelas, no concello de Ribadumia,
para a captación de auga para a illa da Toxa

Publicación da iniciativa, 540, 02.10.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 09:49:59
Nº Rexistro: 56403
Data envío: 26/09/2019 09:49:59.988

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa á construción dunha represa no río Umia para a captación de auga para a illa da Toxa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG vén de ser informado que no río Umia, á altura de Cabanelas no concello de Ribadumia, hai realizada unha represa a base de terra, pedras e vexetación que impide o normal discurso das augas.

Todo indica que se trata de novo da represa que en outras ocasións tentou realizar unha empresa para captar auga para a Illa da Toxa.

Cando no ano 2016 esta empresa tentou construír unha represa neste lugar o Parlamento Galego aprobou por unanimidade un acordo a instancias do BNG co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que busque outras alternativas para o subministro de auga á illa da Toxa, si non é suficiente o subministro que chega ao concello de Ogrobe a traveso do subministro público”

É unha evidencia que o PP e a Xunta de Galiza, non tomaron a serio o acordo e non están a realizar a labor de vixilancia e protección do Umia.

CSM-REXISTRO0303M6LAH5
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 09:49:59
Nº Rexistro: 56403
Data envío: 26/09/2019 09:49:59.988

No BNG sumámonos á disconformidade d@s Veciñ@s con esta actuación, xa que non ten xustificación a realización desta represa, nin desde o punto de vista da necesidade de subministro, xa que os concellos do Salnés captan a maior parte da auga que consumen no río Umia no lugar de Ponte Arnelas, que previo paso pola depuradora ubicada en Treviscoso, distribúe auga aos diferentes concellos, contando o concello de Ogrobe con tubería propia, nin desde o impacto medioambiental para o ecosistema do Umia, ao que hai que sumar o risco río arriba, sobre todo na parroquia de Oubiña, de posíbeis inundacións en canto veñan as choivas.

O Bloque Nacionalista Galego manifestan a súa oposición a esta actuación no río Umia, un río que xa padece múltiples agresión medioambientais, e por iso presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

1.- Cumprir o acordo acadado por unanimidade no Parlamento de Galiza o 4 de marzo de 2016 que di:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que busque outras alternativas para o subministro de auga á illa da Toxa, si non é suficiente o subministro que chega ao concello de Ogrobe a traveso do subministro público”.

2.- Proceder de inmediato á restituír o curso normal do río Umia e polo tanto eliminar a represa construída no mesmo á altura de Cabanelas no concello de Ribadumia que imposibilita o discorrer das augas e polo tanto supón unha nova agresión inxustificada sobre o mesmo.

CSX4 REXISTRO0308LAIN5
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 09:49:59
Nº Registro: 56403
Data envío: 26/09/2019 09:49:59.988

3.- Presentar un informe no Parlamento galego con todas as actuacións realizadas, os seus custes e resultados, no río Umia, en especial do Plan de xestión Integral para a bacía do río Umia 'Plan Umia'."

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2019 09:39:53

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2019 09:40:09

Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2019 09:40:15

CSV XESTROG03M8LAm5
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 09:49:59
Nº Registro: 56403
Data envío: 26/09/2019 09:49:59.988

Olalla Rodil Fernández na data 26/09/2019 09:40:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/09/2019 09:40:29

Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2019 09:40:37

CSV XERXISTROG03M8LAn5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

